



Reflexión Estratéxica sobre a Cultura Galega

## FORO DE DEBATE

### Área: INSTITUCIÓNS DA CULTURA

Documento de introdución ao diálogo

**Rosario Álvarez**

O presente documento pretende funcionar como **guía de debate do foro**. Está baseado nas achegas feitas polas diversas persoas que participaron na fase anterior do proceso, as respostas ao cuestionario aberto. Recolle as ideas máis reiteradas e relevantes na opinión dos e das participantes, ordenadas arredor das liñas de debate definidas para o foro.

Os comentarios deste documento refírense fundamentalmente ao conxunto das entidades culturais diferentes dos poderes públicos e das empresas, ámbito ao que se denomina terceiro sector cultural (non Estado, non mercado). Fan referencia a entidades heteroxéneas: asociacións de carácter cultural, colectivos profesionais ou de articulación sectorial, fundacións.

## DAFO sobre as Institucións da cultura en Galicia

	Interno	Externo
<b>- Negativo</b>	<p><b>Debilidades</b></p> <p>Alcance desigual: moi poucas entidades con alta repercusión; a inmensa maioría con posibilidades limitadas en canto recursos, dinamismo ou repercusión.</p> <p>Distribución xeográfica moi desigual (rural/urbano, sombras no territorio...).</p> <p>Desgaste e perda de brío do tecido asociativo cultural, a respecto do dinamismo fundacional.</p> <p>Prevalencia dunha concepción convencional e pouco actualizada da cultura.</p> <p>Escasa renovación de ideas. Falta de dinamismo: inercia e reiteración de accións. Pouco discurso ilusionante, certa tendencia a pregarse sobre si mesmas.</p> <p>Escaseza de “modelos” de referencia. Falta visión, planificación e obxectivos a medio prazo, e mais un exercicio de control de calidade e cumprimento de obxectivos. Falta formación e profesionalización en moitos casos; noutros sobra “funcionarización”.</p> <p>Escasa relación e cooperación entre entidades: entre as culturais (horizontal e vertical) e coas de outros campos. Falta de interacción con outros axentes culturais (públicos ou privados). Falta de relación con institucións culturais exteriores.</p> <p>Falla a captación de recursos propios. Dependencia excesiva das subvencións.</p>	<p><b>Ameazas</b></p> <p>Lóxicas electoralistas na relación dos responsables públicos coas entidades: instrumentalización, confrontación, control do tecido cultural por parte dos partidos políticos...</p> <p>Inercias políticas e administrativas. Imposición do curto prazo: non previsión de futuro, improvisación, falta de ambición nos obxectivos, liquidación sen avaliar resultados.</p> <p>Irrelevancia social de moitos actos culturais planificados á marxe do conxunto da sociedade ou de amplos sectores dela.</p> <p>Consideración acriticamente positiva da cultura, que conduce á falta de cuestionamento e da necesidade de render contas de resultados.</p> <p>Desresponsabilización, crenza que a cultura só é responsabilidade dos poderes públicos. Pasividade individual e colectiva, falta de iniciativa na base.</p> <p>Desmotivación e perda de prestixio do investimento persoal en beneficio da colectividade.</p>
<b>+ Positivo</b>	<p><b>Fortalezas</b></p> <p>Entidades con importante bagaxe, diversas e numerosas.</p> <p>Recoñecemento da importante traxectoria de persoas e institucións, claves na historia cultural recente.</p> <p>Disponibilidade de infraestruturas e equipamentos culturais. Valor dos fondos, recursos e coñecementos (patrimonio, identidade...).</p> <p>Valoración positiva da cultura por parte da sociedade e boa receptividade á actuación das entidades culturais.</p> <p>Incorporación paulatina á internet, que por veces opera como panca modernizadora. Experiencias proveitosas de incorporación á rede en canto á incidencia.</p> <p>Diversas entidades dispoñen dun corpo profesional cualificado. Outras contan con voluntariado cultural.</p> <p>Relevancia do papel cultural das entidades financeiras: adquisición de arte e bens patrimoniais, programación estable e dinamización cultural, equipamentos culturais, formación, apoio ás iniciativas culturais.</p> <p>Proximidade e interacción das asociacións de base co entorno.</p>	<p><b>Oportunidades</b></p> <p>As TIC como instrumento para a cooperación e a difusión cultural, ou para compartir recursos.</p> <p>Potencial da redes sociais para a dinamización cultural.</p> <p>Potencial das entidades culturais para conectar do tecido social e comunitario, e para vincular redes virtuais e sociais directas.</p> <p>Emerxencia de experiencias colaborativas no ámbito do creación, distribución, difusión e consumo cultural.</p> <p>Maior formación da poboación e predisposición positiva cara á vida cultural. Boa receptividade social por parte dun amplo sector da sociedade.</p> <p>Aumento da capacidade de mobilidade e aceptación do desprazamento na oferta/demanda de produtos culturais.</p> <p>A fusión das caixas como oportunidade para a aproveitar mellor o seu valor no sistema cultural e na sociedade galega.</p>

## Institucións da cultura

### 1. Papel do terceiro sector na cultura: a sociedade civil como actor autónomo

Necesidade de diferenciar ben os papeis das administracións públicas, das empresas e das entidades civís, e cal debe ser o estatus e cometido de cada quen no ámbito cultural.

Concepción substantiva do 3º sector cultural e valoración do seu papel relevante na cultura e na sociedade galega, non só en relación aos poderes públicos ou do mercado. Debe apreciarse o valor público do tecido civil cultural, polo que se debe consolidar e incentivar como iniciativas autónomas e plurais.

Debe ser considerado o seu papel de interlocutor ante as outras entidades nos espazos de diálogo e corresponsabilización pública.

Un cometido principal do tecido civil ten que ver con canalizar a participación activa na vida cultural, un efectivo para a democracia cultural.

Pero débese repensar o seu papel na sociedade actual en varios planos:

- En canto á relación coa sociedade, coas entidades culturais como vías para facer accesible a cultura e permeables ás inquietudes cidadás. Deben ser quen de facilitar a apertura á sociedade e as conexións co entramado comunitario, e mais vincular as comunidades virtuais coas comunidades sociais directas.
- Aproveitar a proximidade para romper a concepción convencional e reducionista da “cultura” e mais contribuír a situala non como adorno (prescindible) senón como clave fundamental no desenvolvemento dos individuos e na creación de cidadanía responsable.
- Alentar unha actuación máis efectiva e responsable: dispor de visión estratéxica e planificación; avaliar as accións e render contas.
- Aumentar as capacidades das entidades, a través da súa profesionalización, formación ou mellora na xestión.

### 2. Cooperación entre entidades, relación coas Administracións Públicas e coa cidadanía (gobernanza desde a perspectiva dos axentes culturais e sociais)

Débese favorecer o desenvolvemento de proxectos conxuntos (autónomos ou en colaboración con diferentes entidades públicas) e comprendelos como un fortalecemento mutuo.

Cooperación entre entidades públicas, privadas e sociais:

- Fortalecer o sistema cultural galego, xerando estruturas que permitan vertebrar este sistema cultural, a través de redes ou sistemas sectoriais que dean cabida a diferentes iniciativas públicas, privadas e sociais.
- Establecer espazos de diálogo nos que os diferentes axentes da cultura participen na gobernanza da cultura e poidan cooperar e concertar accións.
- Definir proxectos motores que articulen a cooperación e a apertura á sociedade. Proxectos de medio prazo nucleados arredor dunha proposta e acción de carácter compartido.

As lóxicas de cooperación horizontal entre as entidades atenden a diversos planos:

- Colaboración entre entidades semellantes (compartir experiencias, recursos, artellar redes de intercambio, accións conxuntas...).
- Colaboración entre as diferentes entidades culturais dun territorio (menciónanse propostas concretas como organizar axendas culturais de cidade...).
- Colaboración con entidades sociais do seu ámbito de acción (sociais, sindicais, empresariais...), mesmo integrando outros campos de acción: educativo, sociedade da información, desenvolvemento territorial, etc.

### **3. Accións públicas para fortalecer o tecido cultural e a efectividade das entidades culturais**

Confianza nas potencialidades do tecido civil.

As Administracións Públicas deben asumir o liderado na vertebración do sistema cultural galego e procurar a coherencia conxunta pensado en termos de cadea de valor cultural. En relación coas entidades culturais deberían alentar:

- O rendemento de contas avaliando a eficacia e eficiencias dos recursos e das axudas públicas (non só a curto prazo).
- A racionalidade e cultura da planificación, a curto, medio e longo prazo.
- Políticas que promovan a cooperación entre entidades: articular redes, espazos de diálogo, tamén propostas como primar nas axudas a cooperación entre entidades.
- Fortalecer as entidades e promover a súa autonomía: profesionalización, mellora na xestión, recursos.
- Establecer procedementos que permitan unha distribución das axudas públicas con base a criterios obxectivos que atendan ao seu valor e repercusión, e susceptible de seren avaliados.
- Inventario, actualización e difusión do mapa ou rexistro de institucións culturais galegas, creando un espazo web específico de información compartida e intercambio.

Debate: subvencións vs convenios; valor da obxectividade e distribución suxeita a bases públicas vs proxectos de cooperación a medio prazo máis articulados e pensados.



#### 4. A acción cultural das institucións financeiras

Reconsiderar o papel dos investimentos en cultura e o seu papel para a economía do coñecemento.

Aproveitar a fusión das caixas galegas para repensar o seu papel no sistema cultural galego.

Debe valorarse a acción destas fundacións en dous planos:

- En canto obra social/fundación cultural o seu labor para o desenvolvemento cultural de Galicia.
  - ✓ Apostas estratéxicas de fomento da iniciativa civil cultural, atendendo á súa diversidade.
  - ✓ Actuación sobre dimensións claves do ciclo cultural: creación, difusión, xeración de públicos, recuperación e posta en valor do patrimonio.
  - ✓ Fortalecemento do tecido cultural: profesionalización e xestión, incorporación á sociedade da comunicación.
  - ✓ Necesidade de coordinación da actividade, da programación e do aproveitamento dos equipamentos.
  - ✓ Comprender os centros non só como equipamentos culturais, senón tamén como nodos de proxectos e dinamización cultural e social.
- En canto entidades financeiras asentadas no territorio, contribuíndo ao investimento no tecido económico cultural.
  - ✓ Fomentando a emprendeduría cultural.
  - ✓ Facendo apostas estratéxicas sostidas coa industria cultural.
  - ✓ Sostendo apostas por campos clave nos que a cultura e a creatividade contribúen á economía do coñecemento.